



CONCLUSIÓNS

do equipo autor deste informe

Primeira. O crecemento económico de Galicia en 2005 (3,3%) quedou unha décima por baixo do estatal e case dobrou a suba media da Unión Europea. Por sectores produtivos, a construción e os servizos tiveron a evolución máis positiva, en contraste co sector agro-pesqueiro.

Segunda. O crecemento económico galego de 2005 xerou unha suba do emprego neto (2,9%) por baixo do promedio estatal (5,6%). Sectorialmente, a creación de emprego neto foi especialmente importante, un ano máis (por cuarto consecutivo), nos servizos (45.200 persoas, o dobre do ano anterior), mentres que no sector agro-pesqueiro e na construción diminuíu a poboación ocupada.

Terceira. O saldo do comercio galego co estranxeiro afondou o signo negativo do ano anterior e marcou o peor rexistro do último quinquenio. A taxa de cobertura galega, con todo, supera á estatal. No saldo exterior total (co estranxeiro e coas outras comunidades autónomas) Galicia é a segunda comunidade por saldo negativo absoluto (10.400 millóns de euros) e a cuarta (cun 20%) na porcentaxe de déficit en relación co seu PIB.

Cuarta. A taxa de inflación rexistrada en Galicia en 2005 (3,7%) creceu catro décimas respecto do ano anterior e quedou no mesmo nivel que o promedio español, moi por riba da suba media da UE (2,1%). Na desagregación por grupos de gasto en Galicia, o transporte (6,2%) e a vivenda (5,6%) tiveron a maior suba.

Quinta. A porcentaxe en gasto interno en I+D en Galicia, con respecto ó total estatal do último ano dispoñible (2004), descende 3 centésimas con respecto ó ano precedente, despois do paulatino aumento das seis anualidades anteriores. O total de ditos gastos corresponden ó 0,86% do PIB, constituíndo o concernente ó ensino superior a partida de maior dotación económica en canto á súa distribución sectorial.

Sexta. As persoas galegas afiliadas á Seguridade Social increméntanse substancialmente no ano 2005. Seguindo a tendencia de anos anteriores diminúen os activos agrarios e lixeiramente os do réxime do mar, producíndose un importante aumento dos afiliados/as do réxime xeral e de autónomos.

Sétima. O maior aumento das afiliacións á Seguridade Social en Galicia, tanto porcentual como numericamente, prodúcese no colectivo das mulleres, situándose a media anual no 42,68% da poboación cotizante.

Oitava. Segundo os datos que proporciona a Seguridade Social, a poboación galega sitúase maioritariamente no sector servizos (61,33%), se ben, preto de cinco puntos por baixo do conxunto do Estado.

Os afiliados/as ó sector industrial (16,48%) superan en preto de dous puntos a porcentaxe estatal e os da construción (12,78%) en medio punto.

No sector agropesqueiro, a poboación cotizante galega cun 9,38% do total está dous puntos e medio por riba da estatal.

Novena. A poboación de Galicia en 2005 subiu lixeiramente (0,4%) grazas á achega da inmigración; a de España aumentou a unha taxa (2,1%) que cuadriplica á galega, polo que continúa a perda de peso relativo demográfico de Galicia no conxunto do Estado. No último quinquenio, o crecemento da poboación galega foi dun 1,1% e o da española dun 8,9%.

Décima. Galicia foi de novo a penúltima comunidade autónoma, por taxa de natalidade, só por diante de Asturias. Nas taxas de mortalidade foi a cuarta. O efecto combinado das dúas taxas fixo que o crecemento natural da poboación galega fose, un ano máis, negativo e Galicia volveu ser a comunidade autónoma cun maior descenso poboacional en valor absoluto.

Décimo primeira. A diminución da poboación activa de Galicia en 2005 (1%) contrasta coa suba media estatal (3,5%).

A taxa de actividade baixou en Galicia en 2005 sete décimas, mentres que no promedio estatal subiu un punto. A taxa de actividade feminina é en 2005 10,3 puntos menos que a dos homes (ampliándose en 3 décimas o diferencial nos últimos 12 meses).

Décimo segunda. O número de perceptores de prestacións económicas por desemprego aumentan en 2005, situándose en 78.600 en media anual, que supoñen o 6,07% do total español.

As taxas neta e bruta de cobertura por desemprego experimenta un importante incremento de 4,3 e 3,9 puntos respectivamente, pero permanecendo 11,1 e 13 puntos por baixo das medias estatais.

Décimo terceira. A contratación non presenta variacións significativas con respecto ó ano anterior. Do total de contratos rexistrados, o 91,17% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só o 8,83% o foron de xeito indefinido. Prodúcese un lixeiro aumento dos contratos indefinidos en relación co ano 2004, non obstante, mantense unha excesiva porcentaxe de temporalidade(39%), sobre todo, en relación co resto do Estado.

A modalidade contractual máis utilizada segue a ser o contrato eventual por circunstancias da produción (39,4%). En segundo lugar atópase o contrato por obra ou servizo determinado (36,6%).

Décimo cuarta. Mantense a maior representación dos homes na contratación (53,9% fronte ás mulleres (46,1%, que vai unida a unha maior temporalidade feminina e a un maior uso do contrato a tempo parcial en mulleres (64,35%).

Décimo quinta. A maior porcentaxe de contratación levouse a cabo entre os menores de 30 anos (51,4%). Vólvese a poñer de manifesto a maior dificultade de inserción ou reinserción laboral dos maiores de 45 anos. Hai que salientar que, se ben colectivo de xoves é o máis contratado, tamén está afectado por unha maior temporalidade.

Décimo sexta. O forte descenso do desemprego en Galicia en 2005 (28,1%) superou amplamente ao promedio estatal (14,7%) e supuxo o segundo posto na clasificación por comunidades autónomas (tras o País Vasco). A taxa de desemprego baixou con intensidade en Galicia en 2005 (3,5 puntos), moito máis que na media do Estado (1,9 puntos) e quedou nun 9,1% catro décimas máis que a estatal. A taxa feminina (12,4%) é case o dobre que a masculina (6,5%) en Galicia.

Décimo sétima. Os datos do paro rexistrado amosan que a comparación interanual de decembro de 2005, con respecto a decembro de 2004, reflicte unha redución do 3,25%, significativamente superior á do conxunto de España. Por isto, a taxa de paro alcanza o 14,11% en 2005, fronte ó 14,75% de 2004 e ó 10,05% da media estatal, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, alcanzando o 19,96%, fronte ó 9,63% do sector masculino.

Décimo oitava. Obsérvase que no ano 2005, agás no réxime especial do mar, incrementáanse as cifras de empresas en alta. No Réxime Xeral da Seguridade Social, o 86,96% das empresas teñen menos de 10 traballadores. O sector da construción é o de maior número de aperturas de centros de traballo, supoñendo máis do 54% do total, é, con gran diferenza, o que reflicte máis traballadores ocupados.

Décimo novena. O orzamento destinado ó Plan FIP incrementouse en 2005, mentres que o asignado ás accións do Fondo Social Europeo diminuíu. O número de cursos incrementouse lixeiramente neste último e se reduciu no Plan FIP, ó igual que os alumnos participantes nas accións formativas. Os cursos do Plan FIP son impartidos maioritariamente por centros colaboradores.

Vixésima. A inserción laboral de 2005 superou o 70% en especialidades como industria pesada e construcións metálicas, automoción e transportes e comunicacións. Por idade a inserción é maior nos menores de 25 anos (62,43%) e no colectivo de homes, aínda que o número de alumnas formadas (10.762) é moi superior ó de homes (5.809).

Vixésimo primeira. O número de empresas de traballo temporal, tras a súa estabilización nos últimos anos, experimenta un acusado descenso en 2005. Pola súa parte, os contratos de posta a disposición alcanzan neste ano a maior cifra de to-

dos os anteriores, derivado fundamentalmente do incremento dos contratos de obra ou servizo.

Vixésimo segunda. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2005, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 689, que afectan a 408.344 traballadores/as dos cales 124 son de sector (13 de comunidade autónoma e 111 provinciais) e 565 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 28 novos convenios, todos de empresa, continuando deste xeito a tendencia á fragmentación da negociación colectiva.

Vixésimo terceira. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2005 foi do 4,37%. Esta media é superior en 0,67 puntos ao IPC Galego e estatal de 2005 que foi do 3,7.

O 59,2% dos convenios asinados e o 68,5% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial.

O 93,12% dos convenios asinados en 2005 recollen cláusulas sobre saúde laboral. Tan só o 26% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre discriminación. Do mesmo xeito, ten un carácter anecdótico que 6 convenios recollan a distribución irregular da xornada.

Incrementábase o número de convenios colectivos que recollen cláusulas de sometemento ao AGA, ata un total de 63 convenios con esta referencia, o 29% do total dos asinados. Esta cifra, non obstante, dista moito de ser satisfactoria.

Vixésimo cuarta. A tendencia crecente da sinistralidade que, en xeral, se iniciou en 1995, mantense despois da paréntese do ano 2003.

A sinistralidade global, incluídos os accidentes de traballo e enfermidades profesionais sen baixa no traballo, incrementábase en Galicia en 2005 un 10,60% en relación co ano anterior; en España diminuíu un 2,77%.

O total de accidentes en xornada de traballo experimentou un incremento do 1,40%. Produciuse tamén un aumento nos accidentes de traballo “in itinere”, supoñendo un 4,32%.

Na clasificación por actividades económicas, a construción, ó igual que en anos anteriores, segue a ser a actividade que máis sinistralidade rexistra.

Vixésimo quinta. Os traballadores con contrato temporal véñse afectados en maior medida que os de contrato indefinido, con case o 55% dos accidentes cando supoñen o 35% da poboación asalariada.

Vixésimo sexta. Prodúcese un descenso do 7,49% nos accidentes cualificados como graves. No que se refire a accidentes mortais, o incremento foi en total en Galicia do 17,24%.

Vixésimo sétima. No que se refire ó índice de incidencia (relación accidentes/poboación asalariada) Galicia, no total de accidentes, está case un punto por baixo do índice estatal, tendo dez comunidades menor índice de incidencia.

Vixésimo oitava. Na conflictividade en Galicia houbo unha tendencia decrecente en folgas provinciais e, aínda que en 2004 supuxo un incremento en relación co ano anterior, en 2005 continúa o descenso das cifras de folgas, traballadores/as participantes e xornadas non traballadas.

A causa de “presión durante a negociación dun convenio” é o motivo máis frecuente das folgas realizadas.

Vixésimo novena. Mercé ó forte aumento das afiliacións, continúa en 2005 o incremento positivo da porcentaxe en Galicia da relación activos/pasivos no sistema da Seguridade Social, pasando en 2005 a representar 1,45 cotizantes por pensionista, moi lonxe, de todos xeitos, do 2,24 do conxunto do Estado

Trixésima. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante un período de catro anos e, tendo en conta os/as representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2005, pódese ver que a central sindical UGT-Galicia, cun 32,98% do total, é a que obtivo maior número de representantes, seguida do SN de CCOO de Galicia e a CIG con 30,30% e 26,38%, respectivamente.

